Visto o expediente tramitado a instancia de Dª. PAULA MOIRON MARTINEZ con D.N.I. nº 53521751S con domicilio en Carballal, 12 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, quen solicita a regulamentaria licencia para abrir ao público un establecemento que haberá de dedicarse á actividade de "Venta ao por menor de libros de texto, prensa e rivistas" cuxo local está situado en Avda. de Mondoñedo núm. 3 da Parroquia de Santa María deste termo municipal.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito da licencia que se pretende, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Conceder a licencia que se solicita así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figura no expediente, cuxo importe ascenderá á cantidade de setenta e oito euros con dezaoito céntimos (78,18), que deberá ser ingresada previamente en arcas municipais, sen cuxo requisito a licencia non terá efecto algún.

| Expediente 319/2020. AMPLIACIÓN LICENCIA ACTIVIDADE D. JORGE LÓPEZ BARREIRA. PAZO TOVAR | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o expediente tramitado a instancia D. JORGE LÓPEZ BARREIRA con D.N.I. ****9012K con domicilio en Lomparte núm. 4 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal quen solicita a AMPLIACIÓN DE USO dun espazo independente de comedor de 46 metros cadrados con unha capacidade de 30 persoas, alcanzando a



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 33

capacidade total da instalación de 46 clientes, no establecemento "O Forno de Tovar" para á Licencia de Bar Restaurante de 4ª categoría no lugar de Pazo de Tovar da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal que foi concedida pola Xunta de Goberno Local de 19/08/16, segundo memoria presentada, redatada por Dª María Mayte Vidal Lourido de data xuño de 2002.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 10/07/20 en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade ACORDA:

Conceder a ampliación da licencia que se solicita así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figura no expediente, cuxo importe ascenderá á cantidade de setenta e oito euros con dezaoito céntimos (78,18), que deberá ser ingresada previamente en arcas municipais, sen cuxo requisito a licencia non terá efecto algún.

**Expediente 327/2020. CONVENIO COA CONSELLERÍA DE CULTURAPARA A INTEGRACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL NO SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN BIBLIOTECARIA(SIXB).**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto do orde do día e unha vez se tivo explicado pola Alcaldía la documentación achegada pola Consellería de Cultura e Turismo, para a integración da Biblioteca Municipal no Sistema integrado de Xestión Bibliotecaria (SIXB), baseado na plataforma Koha e que ten un dobre obxectivo: establecer un carné único de lector , válido para todas a bibliotecas públicas da rede que permita a unificación dos servizos ofrecidos e a creación do novo sistema de xestión da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Pola Alcaldía indicouse que para proceder a dita integración resultaba necesario a adhesión ao Convenio asinado entre a Consellería de Cultura, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Federación Galega de Municipios e Provincias(FEGAMP) para formalizar dita dotación.

Así pois a Xunta de Goberno Local, unha vez informada pola Alcaldía e enterada do contido da documentación achegada, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 33

presentes na sesión e que constitúen  o seu número legal, ACORDA:
PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión ao Convenio asinado entre a Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a integración das Bibliotecas Públicas Municipais no Catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, e en consecuencia:

a) Manifestar a vontade do Concello de Lourenzá(Lugo) con CIF. P2702700B, e domicilio social en Praza Conde Santo s/n(27760-Lourenzá) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo con suxeición plena a todas elas.

b) O Concello de Lourenzá comprométese a colaborar no proceso de migración de datos de rexistros e de lectores da biblioteca ao novo programa de xestión bibliotecaria e no resto dos procesos técnicos que requira a súa posta en marcha.

c) O Concello de Lourenzá comprométese a cumprir as normas técnicas de funcionamento da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para entre outros: Alta de exemplares, Catalogación se procede, Política de préstamo y rexistro de lectores.

d)O Concello de Lourenzá comprométese a manter un único rexistro de usuario por lector para toda a Rede de Bibliotecas públicas de Galicia e utilizar o carné de lector da rede segundo o formato de tarxeta de lector da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.

e) O Concello de Lourenzá comprométese a comunicar as incidencias a través das canles establecidas pola Xunta de Galicia.

f) O Concello de Lourenzá comprométese a colaborar coa Xunta de Galicia na formación e perfeccionamento dos encargados dos servizos bibliotecarios municipais, outorgándolles permiso para asistir ás accións formativas que se organicen, relacionados co novo programa de xestión bibliotecaria.

g) O Concello de Lourenzá comprométese a contar co equipamento informático necesario para a implantación e mantemento do novo programa de xestión bibliotecaria.

h) O Concello de Lourenzá, comprométese a asumir, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.

SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura do dito Convenio e xestión de demais trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Achegar certificación do presente acordo á Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, Dirección Xeral de



Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 33

Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 344/2020. SOLICITUDE PARTICIPACIÓN PROGRAMA REXENERACIÓN URBANA 2018-2020, ANUALIDADE 2020.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a publicación no DOGA núm.128 de 30/06/2020 do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Resolución do 19/06/20 *pola que se regula o procedemento para participar no Programa de Fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020*,

Visto o informe de data 09/07/2020 redactado por Marta Sánchez Seivane, arquitecta da ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CASCO ANTIGO DE VILANOVA DE LOURENZÁ E ZONA DE RESPECTO en relación á participación do Concello de Lourenzá no PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021, ANUALIDADE 2020(Gestiona 344/2020).

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Solicitar á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, a participación do Concello de Lourenzá no PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021, Anualidade 2020, sendo a proposta a seguinte:

| ACTUACIÓN | CUSTO ACTUACION | Nº | M.DE FOMENTO | CCAA | ACHEGAS CONCELLO | PROMOTORES PRIVADOS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| REHABILITACIÓN | 618.800,00 € | 15 | 180.000,00 € | 60.000,00 € | 16.707,60 € | 362.092,40 € |
| URBANIZACIÓN | 85.714,28 € | 2 | 30.000,00 € | --- | 55.714,28 € | --- |
| EQ.TÉC.XESTIÓN | 53.607,00 € | | 15.000,00€ | 22.500,00 € | 16.107,00€ | |
| TOTAL | 758.121,28 € | 17 | 225.000,00 € | 82.500,00€ | 88.528,88 € | 362.092,40 € |
| PORCENTAXE | | | 29,68% | 10,88% | 11,68% | 47,76% |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 33

| PARTICIPACIÓN | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|

SEGUNDO.- Achegar a certificación do presente acordo así como o resto de documentación á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que deberá facerse por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 164/2020. APROBACIÓN PREGO CONDICIONS OBRA AGADER MERCADOS: MELLORA DA NAVE PRINCIPAL DO RECINTO FEIRAL"**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto que consta *no* expediente a Resolución favorable d*o Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data* 09/07/2020, *polo que se comunica que este Concello resultou beneficiario dunha subvención* ao abeiro das subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios cofinanciadas con Fondo Europeo Agrícola de Desenrolo Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 da Consellería de Medio Rural *por importe de corenta e dous mil oitocentos trinta e catro euros con cincuenta e oito céntimo (42.834,58) sobre un presuposto de sesenta e catro mil setecentos oitenta e sete euros con trinta e un céntimos (64.787,31.-).*

Visto que dadas as características da obra *e o* presuposto de licitación, parece *o* procedemento máis axeitado *o* procedemento *aberto simplificado de* conformidade co disposto no art*igo 159.6* da Le*i 9/2017* de *8 de novembro de* Contratos d*o* Sector Público*.*

Visto que con *data 21/07/2020 foi* redactado e incorporado a*o* expediente *o* Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a adxudicación d*o* contrato.

Examinada *a* documentación que se acompaña, *e* de conformidade co establecido n*o* art*igo* 117 *e* a Disposición Adicional Segunda da Lei *9/2017* de *8 de novembro de* Contratos do Sector Público*, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria por*



Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 33

*unanimidade ACORDA*:

PRIMEIRO.- Aprobar que sexa o procedemento *aberto simplificado a forma de adxudicación da contratación da* obra "MELLORA DA NAVE PRINCIPAL DO RECINTO FEIRAL", con un presuposto de sesenta e catro mil setecentos oitenta e sete euros con trinta e un céntimos (64.787,31), o prezo certo anterior queda desagregado nun valor de cincuenta e tres mil cincocentos corenta e tres euros con vinte e tres céntimos (53.543,23) máis once mil douscentos corenta e catro euros con oito céntimos (11.244,08) euros de I.V.E.

| PRESUPOSTO SIN IVA | IVA | PRESUPOSTO CON IVA |
|---|---|---|
| 53.543,23 Euros | 11.244,08 Euros | 64.787,31 Euros |

SEGUNDO.- Aprobar *o* Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que *rexerán o* contrato de ditas obras por procedemento *aberto simplificado e que se incorporan ao expediente.*

*TERCEIRO.- Publicar o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia a efectos de presentación de proposicións para a adxudicación da obra, dando un prazo de dez días hábiles a partir da publicación para presentar as ofertas para a devandita obra.*

*CUARTO.- Designar a Dª Marta Sánchez Seivane como Directora da obra.*

*QUINTO*.- Cumprir os demais trámites preceptivos de impulso hasta a formalización do oportuno contrato, sen cuio trámite non poderá iniciarse a execución, incorporando copia da adxudicación e do contrato que se outorgue.

**Expediente 901/2018. CONVENIO ESCOLAS DEPORTIVAS TEMPADA 2019-2020.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o escrito de data 08/07/20, rexistrado de entrada con núm. 2020-E-RE-153 o 09/07/20, presentado por D. Pablo Maseda Fernández, Presidente de E.D. Lourenzá, así como a documentación



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 33

achegada referente á xustificación dos gastos de E.D.LOURENZÁ, Tempada 2019/2020 para a subvención concedida polo Concello por importe do recadado coa taxa municipal de inscrición dos alumnos das Escolas Deportivas que ascende a nove mil cento cincuenta e tres euros (9.153,00.-) euros, para o desenvolvemento das escolas deportivas municipais (competicións e adestramentos dos diferentes equipos que conforman as mesmas), e unha vez analizada a documentación presentada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a conta xustificativa dos gastos presentados por E.D.LOURENZÁ, con NIF. G-27211994, e con Núm. Club 2244/Rexistro C-05138, referentes á subvención concedida polo Concello á devandita entidade para o desenvolvemento das escolas deportivas municipais de fútbol, fútbol sala, atletismo, baloncesto e patinaxe, cuxo importe total ascende á cantidade de doce mil douscentos vinte e cinco euros (12.225,00.-) e por conceptos, foron os seguintes:

| CONCEPTO | EUROS |
|---|---|
| GASTOS MONITORES | 12.225,00 |
| TOTAL | 12.225,00 |

SEGUNDO.- Remitir certificación do presente acordo a E.D. Lourenzá, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**ALTA SAF LIBRE CONCORRENCIA DE Dª. ALBINA FERNÁNDEZ LOMBARDERO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. ALBINA FERNÁNDEZ LOMBARDERO con DNI. núm. ****7847Y, con domicilio en o Batán, núm. 2 da Parroquia de San Adriano deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 33

Darse por enterada do alta no servizo de “Axuda no Fogar”, a través do sistema de libre concurrencia de Dª. ALBINA FERNÁNDEZ LOMBARDERO de 20 horas ao mes polo que deberá abonar cen euros (100,00) mensualmente o que supón o 40% do prezo hora. _

**ALTA SAF LIBRE CONCURRENCIA DE Dª.BEATRIZ GEADA GONZÁLEZ.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. BEATRIZ GEADA GONZÁLEZ con DNI. núm. ****7769C con domicilio en Forxa núm. 8 da Parroquia de Santo Tomé deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de “Axuda no Fogar”, a través do sistema de libre concurrencia de Dª. BEATRIZ GEADA GONZÁLEZ de 20 horas ao mes polo que deberá abonar cento cincuenta euros (150,00) mensualmente o que supón o 60% do prezo hora.

**BAIXA SAF LIBRE CONCORRENCIA 2020 DE Dª.RAMONA PENEDO FERNÁNDEZ.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto informe da Traballadora Social de data 09/07/20, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de Dª. RAMONA PENEDO FERNÁNDEZ con D.N.I. nº ****1314V con domicilio en San Lorenzo, núm. 25 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, por falecemento da beneficiaria, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a EXTINCION do servizo de “Axuda no Fogar” de Dª. Ramona Penedo Fernandez.

**BAIXA SAF EXTRAORDINARIO DE Dª.DOLORES PRIETO FRANCO.**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 33

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto informe da Traballadora Social de data 09/07/20, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de Dª. DOLORES PRIETO FRANCO con D.N.I. nº ****8291F con domicilio en Soutelo, núm. 1 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, por desaparecer as circunstancias que deron lugar a súa concesión (estado de alarma) , a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de Dª. Dolores Prieto Franco.

**BAIXA SAF EXTRAORDINARIO DE D.JESÚS DARRIBA VEIGA.**

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto informe da Traballadora Social de data 09/07/20, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de D. JESUS DARRIBA VEIGA con D.N.I. nº ****9173Y con domicilio en Souto, núm. 4 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, por desaparecer as circunstancias que deron lugar a súa concesión (estado de alarma) , a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de D. Jesús Darriba Veiga.

**Expediente 315/2020. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA LIXO Dª PILAR OROL MEL**

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 315 de 23/06/20 subscrita por Dª. PILAR OROL MEL con D.N.I. núm. ****8790Y con domicilio en Ponte da Pedra núm. 15 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos



Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 33

sólidos urbanos en Teixeiro núm. 7, 2º da Parroquia de San Jorge, que antes figuraba a nome de Dª. JOSEFA GACIO RIVAS en Teixeiro núm. 7, 2º e para que agora figure a nome de Dª. PILAR OROL MEL.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do tercero trimestre de 2020.

**Expediente 320/2020. CAMBIO TITULARIDADE LIXO D. JAVIER PÉREZ ANDIÓN.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 320 de 26/06/20 subscrita por D. JAVIER PEREZ ANDIÓN con D.N.I. núm. ****8908G con domicilio en Castiñeiras Verdes núm. 11 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Castiñeiras Verdes núm. 11 da Parroquia de Santo Tomé (no Padrón figura Rego da Pereira núm. 5), que antes figuraba a nome de D. PAULINO PÉREZ VARELA e para que agora figure a nome de D. JAVIER PÉREZ ANDIÓN.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do terceiro trimestre de 2020.

**Expediente 357/2020. CAMBIO TITULARIDADE LIXO D. ANGEL RODRÍGUEZ VIDARTE**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 357 de 13/07/20 subscrita por D. ANGEL RODRÍGUEZ VIDARTE con D.N.I. núm. ****8888F con domicilio en Tilleira núm. 9 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Corrullo núm. 1 da Parroquia de San Jorge, que antes figuraba a nome de Dª. ASUNCIÓN VIDARTE PEREZ e para que agora figure a nome de D. ANGEL RODRÍGUEZ VIDARTE.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao



Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 33

solicitado con efectos do terceiro trimestre de 2020.

**Expediente 317/2020. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA LIXO D. JUAN MANUEL VALIÑA VALIÑA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 317/20 de 23/06/20 subscrita por D. JUAN MANUEL VALIÑA VALIÑA D.N.I. núm. ****5744D con domicilio en Lanzós núm. 5, da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, na que solicita:

A.- Cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Lanzós núm. 5, da Parroquia de San Adriano, que antes figuraba a nome de Dª. Felicitas Valiña Andía e para que agora figure a nome de D. JUAN MANUEL VALIÑA VALIÑA.

B.- Cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Lanzós núm. 6, da Parroquia de San Adriano, que antes figuraba a nome de D. José Mª Valiña Bouso e para que agora figure a nome de D. JUAN MANUEL VALIÑA VALIÑA en Lanzós 6 (figurando no padrón erroneamente en Solleiro 15)..

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.-. Proceder ao cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Lanzós núm. 5, para que figure a nome de D. JUAN MANUEL VALIÑA VALIÑA, con efectos do terceiro trimestre de 2020.

2º.- Proceder ao cambio de titular no Padrón de recollida de resíduos sólidos urbanos en Lanzós núm. 6, (no padrón figura Solleiro núm. 15) para que figure a nome de D. JUAN MANUEL VALIÑA VALIÑA, con efectos do terceiro trimestre de 2020.

**Expediente 372/2020. SOLICITUDE TARXETA ESTACIONAMENTO MINUSVÁLIDO D. JESUS AENLLE GAVÍN.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude formulada por D. JESUS AENLLE GAVÍN con DNI. nº ****8932M veciño de Lanzós, núm, 1 da Parroquia de San



Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 33

Adriano deste termo, na que insta a tarxeta de estacionamento para minusválidos e presenta copia da tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.

Visto o artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras no que se establece que nos aparcamentos que dan servicio aos edificios de uso público regulamentariamente establecerase o mínimo de prazas que deberán ser reservadas, debidamente sinalizadas, para o seu uso por personas con movilidade reducida, así como o seu emprazamento e accesos, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes ACORDA:

Conceder a taxjeta de estacionamento para minusválidos a D. JESUS AENLLE GAVÍN con DNI. nº ****8932M, por cumprir os requisitos esixidos no artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras.

**Expediente 318/2020. CAMBIO TITULARIDADE LICENCIA ACTIVIDADE SPORT CAMIÑO NORTE S.L.U.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o escrito presentado por D. JERÓNIMO LÓPEZ NAVARRO, con D.N.I. Nº ****8333G en representación de SPORT CAMIÑO NORTE S.L.U. con C.I.F. B27515600 con domicilio en Rúa Julia Minguillón núm. 9, 4º G de Foz, quen solicita o cambio de titularidade de establecemento dedicado a "VENTA DE ARTÍCULOS DE DEPORTE", sito en Travesía da Mariña núm. 30 baixo da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal que ata agora figuraba a nome de Dª Ana Mª Terrón González e para que figure a nome de SPORT CAMIÑO NORTE S.L.U., para o que acompaña á solicitude copia da licenza de apertura de establecemento.

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación presentada, así como o informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de data 13/07/20, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou acceder ao devandito cambio de titularidade.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención da taxa por licenzas de apertura de establecemento, cambio de titularidade, segundo a cal deberá abonar dezanove euros con cincuenta e cinco céntimos (19,55.-).



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 33

| **Expediente 228/2020. SOLICITUDES EXENCIÓN BONIFICACIÓN PAGO RECOLLIDA DE LIXO** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o expediente 228/2020 de modificación das Ordenanzas Fiscais reguladores núm. 7 e núm 9 pola prestación do servizo de recollida de lixo e polo aproveitamento do dominio público local (terrazas) con motivo do Covid-19, aprobada polo Pleno Municipal con data 21/05/20.

Visto concretamente a modificación da ORDENANZA FISCAL NÚM.7 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, que se transcribe literalmente:

"Primeiro. -Introducir una Disposición Adicional Primeira, co seguinte tenor literal: "Disposición Adicional Primeira.- Cando se produzan situación catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia. O Alcalde-sa será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes. Cando existan concesións ou contratos de servizos, comunicarase ás empresas adxudicatarias para que non efectúen a facturación, asumindo o pago o concello, en concepto de subvención, co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

Segundo.- Introducir unha Disposición Adicional Segunda co seguinte tenor literal: "Disposición Adicional Segunda.- En consonancia coa Disposición Adicional Primeira, durante o presente ano 2020, aquelas persoas físicas ou xurídicas así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas e cuia actividade desenvolvida se vira afectada polo peche do seu establecemento en virtude do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de medidas para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, quedarán exentos do pago do SEGUNDO TRIMESTRE/20 da taxa pola prestación do Servizo de Recollida de Lixo e Residuos Sólidos Urbanos."



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 33

Terceiro.- Introducir igualmente unha Disposición Adicional Terceira co obxecto de paliar as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19 e co fin de impulsar a actividade económica no concello de Lourenzá, que terá o tenor literal: " Disposición Adicional Terceira.-Durante o presente ano 2020, aquelas persoas físicas ou xurídicas así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas e cuia actividade desenvolvida se vira afectada polo peche do seu establecemento en virtude do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de medidas para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, terán unha bonificación do 80% nos importes correspondente da Taxa pola prestación do servizo de Recollida de Lixo e Residuos Sólidos Urbanos e para os períodos do TERCEIRO E CARTO TRIMESTRE/20."

Visto que por Resolución da Alcaldía de data 02/06/20 abriuse un prazo para presentar solicitudes, finalizando o mesmo o 15/07/20 e presentándose as seguintes:

| TITULAR | NIF | DOMICILIO ACTIVIDADE | ACTIVIDADE |
|---|---|---|---|
| BIRUXES S.L. | B27160688 | Avda. do Val, 10 | CAFÉ-BAR-RTE. |
| CRUZ RECALDE Mª REYES | ****6727V | Forxa, 10 S. Tomé | SALÓN DE BELLEZA |
| SILVA MUÑOZ MAGALY | ****3435X | P. Linares Rivas, 8 | PELUQUERIA |
| RAGNHILD DAHL JOHANSEN | ****5875G | Pantigueiras, 6 S.A | CASA RURAL |
| ALMACENES FCO HERMIDA S.L. | B27117035 | O Pedrón | CM MUEBLES (exc ofic) |
| IGLESIAS PEREIRO BEGOÑA | ****7288A | P. Linares Rivas 3 | CM CALZADO Y CPTOS |
| VEIGA FERNÁNDEZ Mª MERCEDES | ****0172M | Avda. Mondoñedo2 | PELUQUERIA SRAS Y C |
| RODRÍGUEZ BARREIRA ANGEL | ****8807T | Forxa, 4 Sto. Tomé | BAR RESTAURANTE |
| HUERTAS OTERO JAVIER | ****1327P | Villapol s/n | CM MUEBLES(exc ofic) |
| FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ ALICIA | ****1578G | Tvsía da Mariña, 11 | CM TODOS ARTÍCULOS |

Vista a documentación presentada por BIRUXES S.L. e consultados o datos do Padrón de Recollida de Lixo, constátase que non figura como contribuinte no citado Padrón.

Visto que os demais solicitantes presentaron toda a documentación requerida na Resolución da Alcaldía de 02/06/20, a



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 33

Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Dar de alta de oficio a BIRUXES S.L. con N.I.F. B27160688, representado por D. Moisés Rego Rego con D.N.I. núm. ****5540N en Avda. do Val núm. 10 da Parroquia de Santa María, no epígrafe Café-Bar Restaurante dun tenedor con efectos do terceiro trimestre de 2020.

2º.- Aprobar a exención no pago do recibo do segundo trimestre de 2020 da taxa pola prestación do Servicio de Recollida de Lixo e Resíduos Sólidos Urbanos, a todos os solicitantes.

3º.- Aprobar a bonificación do 80% nos importes correspondentes da taxa pola prestación do Servicio de Recollida de Lixo e Resíduos Sólidos Urbanos, nos períodos do TERCEIRO E CUARTO trimestres de 2020, a todos los solicitantes.

**FACTURAS E CERTIFICACIÓNS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A) A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20/171 de 01/07/20 | Servizo “Axuda no Fogar” Xuño. 2020 ( Domingos e Festivos) Dependencia/ 78 horas . | 1.299,74 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20/172 de 01/07/20 | Servizo “Axuda no Fogar” Xuño 2020 (Incidencias Dependencia) | 2.197,96 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 33

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 151,50 horas. | |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20/173 de 01/07/20 | Servizo "Axuda no Fogar" Xuño. 2020 (Incidencias Libre Concorrencia) / 38,50 horas. | 590,78 |
| CANTERAS SANTA CECILIA S.L. CIF.ESB27324375 | Núm.A2061 DE 20/07/2020 | Saneamento Campo Festa en San Xorxe. | 5.991,92 |
| CONCELLO BARREIROS/SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU CIF. P2700500H | Xuño/2020 | Recollida Lixo | 15.109,33 |
| **TOTAL** | | | **25.189,73** |

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9Z3CMXW4LE76P4DYPCR25PS4A | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 33